



«A vida pode ir costa arriba ou costa abaixo, pero a min xa nada me colle de sorpresa», di Benedicta • FOTO: ALBERTO LÓPEZ

ENTREVISTA ••• BENEDICTA, PROTAGONISTA DE «O QUE ARDE»

## «Femias hai moitísimas, pero mulleres poucas»

«O que arde», de Oliver Laxe, estréase hoxe en Galicia.

Falamos coa protagonista, Benedicta Sánchez, xenio e figura con 84 anos de arte e camiño. Non esperem dela o que están a ver

—ANAABELEND

Sóbralle o apelido. Ela é Benedicta, e abonda, a muller na que atopan espello no filme *O que arde*, de Oliver Laxe, todas as galegas que terman de nós (e aínda terman). Case invisibles pero fortes, mulleres que aman por enriba do odio, que loitan mais aceptan, que saben a diferenza entre o que poden cambiar e o que non. Á Benedicta do cine, de pelo e ser recollido e botas de goma, con tres vacas e unha cadela de nome Luna, poden vela a partir de hoxe en 49 salas de España, 20 delas galegas, nas que *O que arde* se proxecta en versión orixinal. A outra, de melena branca e lingua solta, capaz de marcarse «a xota da vella das cascarrañadas» no Festival de Cannes, déixase ver por aquí. Cada frase dela é coma un sacho. Benedicta, podo tuteala? «Se non me tuteas, me ofendes».

—O xeito de vivir de Benedicta recorda a moitas nais e avoas, a moitas mulleres galegas. Mais o teu temperamento non cadra co personaxe, non?

—Non, desde logo. Eu sempre fun rebelde. Se tivese algún orgullo, que non teño ningún, sería o de ter sido rebelde dende pequena. Cando me dicían: «Isto non o podes facer», eu dicía: «Por que? Fago mal a alguén?». Dicíanme: «Queda feo». «Pois ide a fritir *buñuelos!*».

—Sempre forte e decidida?

—Sí, cando eu tiña 8 anos, miña nai dicía: «Estou criando a cen!». A cenenas, quería

dicir. Pero dos 8 anos en diante non me aguantaba. Chamábame protestanta. Ela estaba no que había daquela, submisión. Xa de maior, miña nai dicíame: «O mundo que soñas non existe». «Pois o teu non o quero», díciame eu. Así que vou ver por aí adiante o que encontro...

—Fuches libreira, fotógrafa, alpinista. Canto che custou atopar ese mundo que soñabas?

—Nada! Custoume quitar as alforxas de enriba e camiñar libre. Como cando fixen o Camiño de Santiago!

—Máis dun muro social e moral tiveches que derrubar na vida...

—Tiven que superar algunhas trabas. Casei moi nova, no 53, e separeime no 62. Separación non legal. Estabamos en Río de Xaneiro, e entón só había separación de corpos, non existía o divorcio, e era para xente con cartos. El cansou de dicirme barbaridades, pero pasado un tempinho as cousas non é que me fosen ben en sentido xeral... Pero eu fa pasión a pasiño, e estaba encantada.

—Con todo, tiveches unha filla.

—Sí. Separeime no 62 e tiven a filla no 71. Eu nunca fun neneira, sempre me gustaron máis os anciáns que os nenos. Os nenos son coma avespa para aquí e para acolá! O caso foi que atopei unha persoa que desde o 65 me seguiu e me seguiu e na primeira cita que lle aceptei díxome que se non me gustaría ter unha filla. E efectivamente... Dise que hai que plantar árbores, eu plantei centos de piñeiros en Carazo, en Pol; escribir un libro e ter un

fillo. Eu escribira as miñas cousiñas, e faltábame ser nai. E dixeran: «Vou aceptalo». Tivena aos 35, atopábame en condicións de sacar adiante un fillo, ou filla.

—Xa sabías de que fa a vida.

—Como non ía saber! Xa tiña estado ás duras e ás maduras, a todas. O que nunca quixen foi xuntar os trapiños. Coa parella, xuntos si pero non revoltos. Fun nai solteira.

—Debeu de ser un duro traballo.

—Pois cun home ao teu lado moita máis complicación! Recordo que íamos no coche, conducindo el e eu coa nena no colo (que entón en Brasil os nenos non ían con cinto na parte de atrás), e como parabamos e charlabamos ou nos dabamos un bico, e a pequena facía forza para separarnos. Quería o cariño para ela. El enfadábase e díciame: «Eu que quixen a filla para que nos unise... e resulta que nos separa». Eu tiña que atenderlle á nena. Porque eu funa buscar, non veu ela de sorpresa. Os fillos son das *mamás*, así o vexo eu. O home é fecundador, vai polo mundo sementando. E téñollo oído a máis de un: «Se gustamos da muller, gustamos dos fillos. Se non gustamos da muller, os fillos non nos interesan». O papel da muller é difícil. E as mulleres tamén teñen a culpa. Femias hai moitísimas, agora mulleres poucas. Pero se a muller é muller, non hai home que a free.

«SE TIVISE ALGÚN ORGULLO, SERÍA O DE TER SIDO REBELDE TODA A VIDA»

Non temos nada que envexarilles, dígocho eu, que non me considero gran cousa...

—Adiantácheste ao teu tempo, non fas polo camiño trillado, fas campo a través.

—Sí, e por iso era *carallote*, *pendón*, *marimacho*. Nin podía andar en bicicleta, disque que lesionaba a virxindade. Tampouco coller cereixas porque se me vían as bragas...

—Unha femia non merece, logo, automaticamente o nome de muller? Que é unha muller para tí?

—Alguén que non ten prexuízos tontos, non? Que non traga co de «ese mundo que queres non existe», «tapa as túas vergonzas», «borda o enxoval para cando cases», «sé feminina». Deus me libre! Liberdade ou morte. Non me dá a gana de someterme a nada. Non.

—Hai homes que escachan o molde. Iso díxeches de Oliver Laxe nunha entrevista en *La Voz*, que non parecía humano.

—Oliver non é deste mundo (risas). É moi sensible. Cabaleiro de alta gama.

—Que tal a parella con Amador, o teu fillo na película «O que arde»?

—Ben! Amador non atopan outro nin buscando con lupa. Cando me deron a Medalla Castelao quedei fría porque quen a merecía era el.

—Seméllaste ben pouco á Benedicta da película, aínda que leve o teu nome...

—Pode que nalgún detalle si, pero non. Eu son acelerada, eléctrica! Oliver indicoume como tiña que facer. E saíu o que saíu.

—Despois de vivir en Valencia, volvíches a Galicia. Afaste ou non?

—Faleceron todos e aquí teño unha casa, no Corgo, a cinco quilómetros de Nabela. Non, non me afago, pero estou aguantando (risas).

—Non che faltan folgos. Nin gana.

—Cando chegas á miña idade, e tes altos e baixos, a cousa é vivir o instante. Que agora está nubrado, pois poño a chaqueta. Que fai sol, quito a chaqueta. Non quero eu mandar na natureza. En ninguén.

—Melloramos respecto aos sesenta?

—Sí. Meu pai estivo dous anos preso, e non matara nin roubara. Só por ideas. Pero el non lle fixo dano a ninguén. Eu considérome relixiosa, un pouco panteísta. Non é a relixión dos que seguen ao pé da letra o que di o cura. Eu non teño nada contra os sacerdotes, eh, teño coñecido algúns encantadores. Eu non lles oculto nada, dígolles as verdades que quero á miña maneira, e un deles unha vez díxome: «¡Tienes madera de santa!» Ai, dixen, era o que me faltaba! Foime buscando nas miñas ansias, nos meus vicios, nos meus conceptos. Quedou pampo, pero entendeu. A min por narices nada. Se amo

a Deus, é problema meu. Se renego, tamén. Que lle importa ao cura que vaia para o inferno, que coide da alma del!

—Que guapa estabas en Cannes bailando... unha muiñeira?

—Unha xota, creó! Din que Deus escribe dereito en ringleiras torcidas. En Cannes había unha ducia de cámaras e díxenlles: «Faládeha en galego». Como se me ocorre! Cantar o de «aquela vella das cascarrañadas... chéirallo o cu a castañas asadas». Non se me ocorreu dicir o final, claro! Foron dous ou tres saltos e viñeron os periodistas. Ai, a vida... que pode ir costa abaixo, ou costa arriba, pero a min xa nada me colle de sorpresa. O meu é aceptar o momento, e vivilo e acabouse.